



R, en *Pont Up Store*, apostando de novo pola cultura emprendedora en Galicia

- **O operador galego estará presente no foro de emprendemento pontevedrés mañá venres e o sábado, con dúas sesións formativas en liña sobre marketing dixital para emprendedores**
- **O *Pont-Up Store* de Pontevedra - cun formato exclusivamente virtual este ano por mor da crise sanitaria- é un espazo de referencia do novo emprendemento en Galicia, e nel R revalida por cuarto ano consecutivo a súa aposta polas iniciativas creativas e innovadoras**
- **En virtude da evolución da pandemia, a organización anunciará unha nova data para desenvolver a parte presencial do foro, expositores que dende sempre concorren ao evento pontevedrés**

Xoves, 17 de setembro de 2020.- R regresa, un ano máis, ao *Pont-Up Store* de Pontevedra, o foro do novo emprendemento de referencia en Galicia e no noroeste peninsular, que se desenvolve nesta cidade galega dende hoxe ata o sábado 19 de setembro. Desta volta, o operador galego adáptase a un evento que, ante as esixencias da crise sanitaria, adopta o formato virtual, cunha morea de actividades en liña, sobre todo de carácter formativo, e experiencias diversas.

Pedro Figueroa, director de *Pont-Up Store*, considera que *“a presenza dunha empresa tecnolóxica coma R no foro é especialmente relevante neste momento, no que as contornas dixitais son clave para as empresas en xeral e, sobre todo, para os novos emprendementos (...) Sentímonos moi afortunados por contar co apoio de R, un éxito empresarial nacido en Galicia e en continua expansión, referente, sen dúbida, para todas estas iniciativas innovadoras”*.

Webinar de marketing dixital

Baixo o título “*Lleva tu negocio al siguiente nivel con el marketing digital: posicionamiento orgánico y publicidad*” **R**, da man de *Sherpa Digital*, artellará dúas sesións dirixidas a emprendedores (a quen xa son ou a quen queren selo) nun *webinar* ou actividade de formación interactiva en liña que os/as interesados/as poden seguir doadamente dende as súas casas previa inscrición en [pontupstore20](#)

O obxectivo é amosar de que maneira o márketing dixital pode levar o negocio dos/as emprendedores/as ao seguinte nivel estratéxico: **mellorar substancialmente o posicionamento na rede do proxecto innovador** para atraer ao/á cliente/a e aumentar as vendas. Posicionalo axeitadamente, en suma, para converterse nun reclamo efectivo.

Tanto a xornada do venres 18 coma a do sábado 19 desenvolveranse polas mañás, en horario de 10:00 a 11:30 h. Na primeira delas falarase de transformación dixital e doutros conceptos básicos do márketing en liña e márketing de contidos (blog, redes sociais, *inbound...*). Na segunda sesión o foco poñerase nos conceptos SEO, SEM e outros vencellados a eles, e tamén se tratará o apartado da publicidade en medios dixitais, entre outros temas.

Compromiso coa cultura emprendedora

No marco do *Campus Crea* da Universidade de Vigo e co apoio do Concello de Pontevedra, o foro de emprendemento *Pont-Up Store* chega arestora á sétima edición co título “Unha etapa no camiño de emprender”, mantendo viva a súa esencia de iniciativa aberta á cidadanía para promover a cultura do emprendemento a todos os niveis. Trátase, pois, da aposta mesma pola creatividade para o desenvolvemento persoal e social en Galicia.

Ano tras ano, o foro desenvolveu a súa parte expositiva na Praza de España de Pontevedra, con postos para mostrar presencialmente a gran cantidade de iniciativas innovadoras que a el concorren e que, desta volta, tiveron que suspenderse en resposta ás esixencias de seguridade da crise sanitaria. En virtude da evolución da pandemia a organización anunciará unha nova data para lle dar saída a todos os contidos presenciais que, dende o inicio da súa andaina, completan as actividades do *Pont-Up Store*.

A participación de **R** responde a eses valores desta feira de referencia compartidos polo operador galego, aliñado co compromiso de *Pont-Up* a prol da cultura emprendedora. Neste sentido, Pedro Figueroa engade que “*a relación entre R e o Pont-Up Store é unha alianza firme, sólida e con espírito de mellora continua; que fai parte desa responsabilidade social que R asume de forma exemplar, implicándose no apoio á creación de novas empresas e, por conseguinte, contribuíndo á creación de emprego e ao incremento da riqueza no país. E sen esquecer o camiño de volta: o retorno que para unha grande empresa pode ter tamén un evento como o Pont-Up Store, onde se propician sinerxias entre proxectos empresariais consolidados e iniciativas innovadoras, nun mundo que precisa máis que nunca de novas ideas e provedores para mellorar produtos e servizos e desenvolver outros novos*”.